

### Navidades Negras

- EDITORIAL: Unha vez máis, nunca máis páxina 2
- BREVES: Congreso de Ornitoloxía páxina 3  
Lobos. Estudio  
Enquisa I.R.P.F  
Cortegada
- ESPECIAL: Mes Negro páxina 4
- DELEGACIONES: Santiago, Ourense, Vilagarcía páxina 6
- BIBLIOTECA: Últimas adquisicións páxina 7
- E máis... O TABOLEIRO páxina 7

# editorial

Unha vez máis produciuse o imprevisto e unha vez máis o litoral galego viuse sacudido por unha catástrofe que pon en perigo á poboación cercana, significa cuantiosos danos económicos e causa a morte silenciosa de miles de organismos vivos. Unha vez máis as declaracións dos políticos tratando de aproveitar a circunstancia para gañar en popularidade, que as eleccións están próximas. É unha vez máis á procura dun "cabeza de turco". Sen embargo unha serie de colectivos se mostran unánimes: a culpabilidade foi múltiple pois ademais da innegable do capitán de "Aegean Sea", o Colexio de Oficiais de Mariña Mercante, a Federación de Mariña Mercante da UGT, o Sindicato Libre da Mariña Mercante de CC.OO., a CIG, a INTG, AETINAPE e outros que engloban a un numeroso número de profesionais sinalan a existencia de graves irregularidades en materia de seguridade e da culpabilidade das autoridades por non levar control riguroso sobre o tráfico marítimo. O mesmo Conselleiro de Pesca ó parecer falou da posible negligencia das autoridades portuarias da Coruña e da empresa Repsol.

Por elo a **Sociedade Galega de Historia Natural** dirixiuse ás autoridades solicitando que se depuren responsabilidades de forma exemplar, caia quen caia.

O derrame de petróleo do "Aegean Sea" é xa historia, aínda que as consecuencias estean aí, compre tomar as medidas necesarias para que traxedias como esta, como a do Urquiola, a do Erkwit, a do Polycommander, a do Cason, non se volvan a repetir.

Resulta evidente que fronte ás nosas costas existe unha das roitas de maior densidade de tráfico marítimo do mundo; un mínimo de dous barcos con mercadorías incluídas no Código Marítimo Internacional de Mercancías Perigosas se identifica cada día, pero facelo ata agora non é obrigado. Resulta evidente que moitos buques limpian tanques ou realizan actividades contaminantes entre 10 e 24 millas sen que haxa un servizo de vixilancia permanente e eficaz ó contrario do que sucede na maioría dos países onde se chegan a impor multas dun millón de dólares. E resulta evidente que para o noso servizo, buques con cargas perigosas deben achegarse a terra: no propio porto da Coruña entran máis de 40 petroleiros cada mes.

Necesítase por unha actuación de atención ós perxudicados directamente pola contaminación e de restauración do ecosistema pero que non se limite á limpeza dos puntos máis "populares" do litoral, pero tamén moito máis:

a) que se dote ós portos galegos das infraestructuras que reclaman os profesionais para que calquera manobra se realice con plena seguridade.

b) que se elabore un Plan de Actuación para Sinistros, con recursos e profesionais ben entrenados.

c) que se realice un control exhaustivo do tráfico marítimo fronte ó noso litoral, que comence por obrigar a realiza-lo paso moito máis lonxe da beiramar e continúe pola inspección rutinaria desde embarcacións ou aeronaves deste tráfico cotián.

Aí é onde debe poñerse o groso das dotacións económicas pois outra cousa son remendos e boas declaracións de intencións. A natureza precisará anos para cicatrizar esta ferida, unha das máis das que unha soa especie, a nosa, lle está a causar. Que no posible, que no que dos nosos gobernantes dependa, non se volva a repetir.



## A SGHN é ... unha entidade independente, formada en

1973, dedicada á investigación, divulgación e protección do medio ambiente galego. Ten ó redor de 1000 socios. ¿E que facemos?

**Investigación:** censos de aves invernantes, de mamíferos mariños, de vertebrados en xeral (para o Atlas de Vertebrados de Galicia), de insectos...

**Divulgación:** voceiros sobre itinerarios naturais e temas como o lobo e os incendios, charlas e cursiños e programas de educación ambiental na escola...

**Protección:** un esforzo continuo de denuncias e campañas en contra da destrución vertixinosa que está a sufrir-lo medio ambiente galego...

A SGHN forma parte da CODA (a federación estatal de grupos de defensa da natureza) e da Asamblea de Grupos Ecoloxistas e Naturalistas de Galicia. Ten o nº 264/c-000/382 no Rexistro de Asociacións Culturais Galegas e figuran o folio nº 11 do Rexistro de Asociacións Protectoras do Medio Ambiente.

Se queres saber máis, estamos na ...

Rúa da Oliveira, 4 - 2º, SANTIAGO (Apdo. 330)

con delegacións en:

Ourense - Rúa Jesús Soris nº 23-2º eqda. (Apdo. 212)

Ferrol - Méndez Núñez 11 (Apdo. 356) tel. 352820

Noia - Apdo. 72

A Coruña - Apdo. 825

Padrón - Apdo. 16

Vilagarcía - Apdo. 303

**¡A TO PA UN SOCIO NOVO ESTE MES!**



PASPALLÁS é o boletín bimensual da SGHN, pero as opinións expresadas nel (á parte da editorial) non son necesariamente as da xunta directiva da asociación.

**Colaboran neste número:**

Araceli Hidalgo Cortijo, Francisco Carballo Benito, Bernardo Carvía, Marcos Freán Hernández, Agustín Alcalde, Xosé Lois Rey Muñiz, Guy Norman, Carmiña Noya Rey, Antonio Villarino, Xavier Sónora Gómez, Xosé Manuel Penas Patiño.

**Impreso en papel reciclado**

por Tórculo, Santiago.

Dep. Leg. C1590/91; I.S.S.N. 1132-0567

## II CONGRESO DE ORNITOLOXIA

Celebrouse do 18 ó 20 de Nadal. Foi un congreso con partes interesantes pero que contou con algunhas ponencias realmente penosas e algún que outro detalle vulgar. Merece destacar o traballo sobre a Aguia Real no que se determinou o actual status da especie en Galicia, cun total de sete parellas e catro delas levando polos adiante, moito máis do esperado nun principio. Este estudio será continuado por algún tempo ó que se lle engade outro que se encetarán en breve sobre a chouva petebermella (Interesados contactar con Jorge Mourino; Dpto. de Ecoloxía, Univ. de Santiago). Tamén avaliáronse outras especies e citouse a crías de varias límcolas interesantes como a patuda (*H. himantopus*).

Debemos referirnos ó comentario de Mr. Souza durante a excursión, indicando a necesidade de matar a tiros ou por CEBOS EMPONZOÑADOS ós corvos (*Corvus corone*) que depredan sobre as pílulas papudas. Non discutímolos a necesidade ou non de controlar esta especie, pero despois de tantas loitas contra o tema dos cebos merécese esta reseña.

### LOBOS. ESTUDIO

Auspiciado pola Consellería de Agricultura e a Universidade de Santiago, realízase un proxecto de manexo do lobo, quedando como responsable deste o consocio Felipe Bárcena. Estímase necesarios 150 millóns de pesetas para paga-los estragos realizados por este mamífero. En 1992 rexistráronse mortes por cebos envenenados en Pontevedra, A Coruña e Ourense. Nesta última provincia tamén houbo ó final de ano capturas con lazo.

### SANEAMENTO

O Patrón Maior de Noia reclamou en Novembro do pasado ano o saneamento integral da Ria de Muros-Noia.

### ENQUISA

Segundo o centro de Investigacións sobre a Realidade Social (CIRES) 3 de cada 4 españois estarían dispostos a que unha certa parte do IRPF se destinase ó medio ambiente e dous tercios dos españois estarían dispostos a cede-lo salario dun día ó ano ó mesmo fin. Como curiosidade consideran a Galicia como a terceira autonomía onde máis se respecta á natureza

### RIOS


A COTOP gastará 708 millóns na desviación do Sar facendo unha canle que irá dende Extramundi ata o Ulla (2 Km.). O obxecto pretendido é evita-las inundacións en Padrón.

### DENUNCIA

O Grupo Ruscus de Boiro denuncia a destrución vexetal do río Breiro que supón a canalización ó longo do río do colector do saneamento integral de Boiro.

### MOPT

O MOPT gastará 2.000 millóns en 1993 para "arreglar" unha beira do río Miño. Invertirá outros 4.000 millóns para recuperar diversos ríos na Provincia de Ourense. Ignoramos se



### Caxatos tradicionais

Do libro "ENREDOS" de Xoaquín Lorenzo Fernández; publicado polo Museo do Pobo Galego (1992)

"...Prós bastóns o caxatos precúrase un anaco de vara dunha madeira flexible; carballo, freixo, salgueiro, etc."

Neste apartado de breves esta vez démoslle especial relieve a algo que pode ver reflexado nas notas: gástanse miles de millóns en reconstruí-las desfeitas do medio ambiente, pero con dúas advertencias, a primeira é que o responsable por acción ou omisión destas desfeitas é a propia administración (cos nosos cartos) e a segunda que estas supostas rexeneracións usualmente resultan convertidas nun parque que en nada lembra o seu estado natural anterior.

son sumables ós 2.000 de antes, pero cicais sería máis económico non destruír para non gastar despois en "a rranxar", ás veces con criterios dúbidosos os estragos da propia administración.

### RIO GAFOS

Creouse a finais de 1992 a Asociación para a Defensa do Río Gafos perto da cidade de Pontevedra dada a situación de cloaca aberta que sofre este río.

### DONIÑOS

Nesta área cercana a Ferrol, gastáronse 200 millóns nun paseo marítimo con "áreas de vexetación" aparcamentos, camping, paseos...

### TODOS FOMOS XULGADOS

O pasado 21 de Nadal Anxo Moure, Raul Almenera e Elías Varela foron xulgados por oporse á irracionalidade na xestión dos recursos naturais de Galicia. Os compañeiros de Xevale encadeáronse en Santiago no Parlamento de Galicia como protesta polo Plan Forestal. Non foi un acto individual pois todos estabamos en certa medida encadeados alí e todos fomos xulgados o día 21. Outro xuíz, a historia, será quen xulgue a unha administración pública cómplice do gran capital do Sr. Cuevas, de Feldmüher, de Torras-papel-KIO, ánda que para entón ese cancro da pel da terra, que son as masivas plantacións de Eucaliptus, estará demasiado extendido.

### A CORUÑA

Antes do tema "Aegean Sea" tíñase o proxecto por parte do Concello de gastarse 8.000 millóns no prazo de 2 a 3 anos para facer unha circunvalación costeira, urbanizando todo o litoral dende o Castelo de San Antón ata empalmar coa zona Orzán-Riazor.

### CORTEGADA

Con toda probabilidade en 1993 remodelarase o PXOU (Plan Xeral de Ordenación Urbana) de Vilagarcía. Entre outros revisarase o tema de Cortegada para poder permití-la urbanización da illa, ó cal a SGHN é absolutamente refractaria, sexa unha urbanización "branda" ou doutro tipo.

### RUIDO

No pasado mes de Novembro a Xunta aplazou un decreto para penaliza-lo ruído nas cidades.

### COORDENADORA

En nadal, auspiciado polo concello de Somozas (A Coruña) houbo unha reunión de concellos para coordinarse contra, segundo eles, a ilegal contaminación dos ríos Xubia e Mera que van dar ás rías de Ferrol e Ortigueira. A reunión asistiu a SGHN.

# . especial . especial . especial .

Aínda que o tema foi e é seguido asiduamente polos medios de comunicación, coidamos interesante presentar un resumo das actuacións e acontecementos acaecidos dende que o "Aegean Sea" intenta entrar na Ría da Coruña para trasvasa-la súa carga de petróleo, ata o 31 de Nadal.

## A CRONICA NEGRA DUN MES

Durante este mes o número de novas aparecidas nos medios de comunicación foron diluíndose a medida que o petróleo dilúfase e faciase menos visible. Elo non quere dicir que os problemas diminuíran, ó contrario porque agora que a parafermalia e a gran diosidade dos feitos cesou (grandes chamuscas e negros fumes) resultará máis difícil conseguir compromisos reais e serios da administración e outros estamentos porque o gran público pasa a preocuparse doutros asuntos, é dicir, pasou de ser tema de interese a lembranza, e a maior parte dos políticos mimetízase noutras cuestións.

Día 3 de Nadal de 1992.

2.48 horas: O "AEGEAN SEA" levanta áncoras da ría de Ares onde estivera durante 48 horas. Vento Oeste, forza sete (50 a 60 Km/h.).

3.35 horas: Segundo as declaracións do Capitán Konstantinos Stavridis no Xulgado de Instrucción nº 6 da Coruña o radar indicaba que o barco estaba a 4 kilómetros da Torre de Hércules enfiando cara ó porto. Ondas de 5-6 metros. Vento forza sete con rachas forza oito (62-74 Km/h.).

4.10 horas: Un chuvasco descarga con rachas de forza 9 (88 Km/h.), isto interfere co radar confundindo á ponte de mando a súa situación con respecto a terra. O barco pregunta por radio ó práctico se ve ó petroleiro; cando se localiza compróbase que vai cara ó Orzán.

4.17 horas: Despois de que emisoras en terra captasen unha conversa a berros entre o práctico e o capitán, este orde meter toda máquina atrás, pero debido á inercia do barco e o vento acaba raiando no baixo do Becerro e derranca na Galeira en baixamar.

O práctico sobe a bordo, o vento do Oeste vira a popa do barco hacía ó Norde e cando chega o remolcador "Alonso de Chaves" o petroleiro ten a popa o Norde, tendo forzado parte do casco que estaba firmemente apoiado nas rochas. Tómase a decisión de meter toda máquina atrás axudado polo remolcador (este con 20.000 cabalos de potencia).

7.00 horas: Os helicópteros escomenzan o rescate da tripulación.

8.00 horas: O casco aguanta ata pouco antes das oito da mañá, cando escomenza a perder petróleo.

8.15 horas: Ordéase que toda a tripulación, agás o capitán, mariñeira da ponte e o práctico, abandonen o buque.

9.30 horas: O barco parte en dous entre os tanques 7 e 8 e perde grandes cantidades de petróleo.

10:05 horas: O barco estoupa. Rescátanse os últimos tripulantes, o petróleo no mar arde provocando unha espesa fumareda de 1 km de alto. Despois de todo isto 2.000 persoas abandonan as súas casas, o concello requisas os hotéis para aloxalos ó tempo que evacúa 1.300 estudantes e suspende as clases nos centros de ensino da cidade. Prohibese o tránsito de vehículos pesados.

17.25 horas: O fume afecta a parte da cidade de Ferrol, Mugardos e Pontedeume e chega ata a Terra Chá lucense. Localízase unha gran mancha de petróleo na boca das Rías de Betanzos e Ferrol.

19.00 horas: Chega en avión dende Valencia diverso material para combater-lo desastre.

19.30 horas: A Comandancia de Mariña pecha a Ría de Ferrol ó tráfico marítimo e coloca unha barreira protectora. As autoridades optan por deixar arde-la maior parte posible do petróleo para que non se estenda polo mar, así como non usar dispersantes químicos. Membros da SGHN, Hábitat, Bio topo e Arco Iris entre outros, percorren as praias e localizan as primeiras aves afectadas. A Federación de Mariña da UXT fala de negligencia e de que o accidente poido deberse a graves irregularidades en materia de seguridade. Dezaseis confraternias de pescadores sinalan que aínda están por cobra-las indemnizacións polo accidente do Urquiola, ocorrido hai 17 anos.

Día 4: A Xunta de Galicia prohibe pescar entre punta Langosteira e o cabo Prioriño. O forte temporal dificulta a utilidade das barreiras frotantes.

O Catedrático de Dereito Internacional Jorge Pueyo sinala que o propietario do buque podería ser exonerado de responsabilidade cando os danos son debidos a fenómenos naturais ou por negligencia das autoridades no seu cometido de prestar axudas á navegación.

O alcalde da Coruña pide ó Ministro de Transportes especial prioridade para a praia de Riazor e declara o seu "disgusto" polo ennegrecemento da Torre de Hércules. No dispositivo contra a contaminación participan 8 remolcadores, cinco barcos de salvamento e tres helicópteros. Nalgúns puntos do litoral ferrolán o petróleo acada espesores de 10 cms.

Día 5: A contaminación esténdese por máis de 100 kms do litoral e afecta a 120 bateas mexiloeiras. O concello de Oleiros querérase contra os directivos do porto da Coruña. O capitán do barco queda en liberdade provisional (fora detido o día do derrancamento). Cúmrense 5 anos do desastre do "Cason", tema no que non se deron explicacións convincentes do contido.

Día 6: A Xunta pecha ó marisqueo as Rías de Ares, Betanzos e Ferrol, ampliándose ata cabo Prior a prohibición de actividades pesqueiras. Unha mancha de cru sobrepasa a zona das Pías na Ría de Ferrol acercándose á desembocadura do Xubia.

Día 7: O Ministro de Transportes solicita no Consello de Ministros da CE que os buques con mercadorías perigosas informen obrigatoriamente da carga. Con paleadoras fanse barreiras de area para protexe-las lagoas de Frouxeira-Valdoviño e Doniños.

Día 8: A prohibición de faenar esténdese ata as Illas Sisargas. Pedro Beade, do Sindicato da Mariña Mercante de CC.OO. di que A Coruña é o menos seguro dos cinco portos petroleiros de España polos dispositivos de control e seguridade.

Día 9: Van instaladas 17 barreiras frotantes e estímase un custo de cinco millóns por día na loita contra a contaminación. Catro mil mariscadores están afectados.

Día 10: O vento acerca dúas bolsas de petróleo duns 16.000 m<sup>2</sup> a Caión e Baldaio; nesta última lagoa faise unha barreira

# . especial . especial . especial .

con paleadoras para pecha-la entrada da marisma. UGT sinala que se poido evita-lo accidente de terse aplicado estrictamente as medidas previstas por Lei.

Día 11: A Xunta acorda conceder 3.000 Pts./día por mariscador e 45.000 por cada mariñeiro ata o día 15 por non poder pescar e solicita do goberno central a declaración de Zona Catastrófica. Este desestima a proposta e acorda destinar 1.000 millóns para a limpeza de 8 kms de praias.

Día 12: Continua o trasvase do petróleo que quedaba no barco. A SGHN fai público un escrito onde se fala de "inflación de declaracións oficiais" e da "preocupación por salvaguardar determinadas zonas de interese para o alcalde de A Coruña en detrimento doutras de máis importancia económica e ecolóxica". Voluntarios da SGHN así como de Biotopo, Hábitat, Albatros, Adena, Narval, Casa de Oficios de Oleiros, Cruz Vermella, Club de Montaña Ferrol, Arceibe e ADDA seguen a percorre-lo litoral e recoller aves. O International Found for Animal Welfare ofrece unha axuda económica á SGHN para seguimento e recuperación da fauna afectada pola marea negra.

Día 13: O capitán do buque segue a disposición xudicial.

Día 14: Van extraídas 6.400 toneladas do buque e 4.385 de praias e mar. Biotopo denuncia a queima de residuos petrolíferos na planta de Laracha e que causa contaminación por fumes.

Día 15: Entra en vigor a Lei de Portos do Estado e Mariña Mercante, que establece sancións por contaminación do medio mariño de ata 500 millóns de pesetas, considerando moi grave o verquido non autorizado en augas portuarias e o incumprimento das normas sobre depósito, manipulación ou transporte de materias perigosas.

Día 16: Os sindicatos piden a creación de Torres de Control e unha boia a 10 millas da entrada do porto da Coruña e din que cada mes entra un mínimo de 10 superpetroleiros e 50 petroleiros; tamén critican as medidas de seguridade nas que se fai a entrada dos buques. No parlamento europeo ínstase ós países membros da CE a prohibi-lo acceso ós seus portos a petroleiros de máis de 15 anos e sen dobre casco (cousa que ocorre en EE.UU. dende "Exxon Valdez").

Día 17: O Ministro de Transportes anuncia no Pleno do Congreso que o próximo mes crearase a "Sociedad Estatal para el Salvamento Marítimo y la Lucha contra la Contaminación". A Consellería de Pesca prorroga o período de percepción de axudas previstas na Orde do 4 de Nadal.

Día 18: Mariscadores de Ferrol protestan pola súa exclusión na lista de damnificados remitida pola confradía ás autoridades da CE.

Día 19: A Plataforma Sindical e Profesional da Mariña Mercante de Galicia denuncia a falla de seguridade existente, atestiguándoo as máis de mil mortes en 16 anos.

Día 20: Anúnciase a ultimación do plan de limpeza para proceder á limpeza das praias, así como do pago antes do 24 de nadal das indemnizacións polo "Urquiola".

Día 21: A Xunta publica no DOG unha orde establecendo as axudas ós mariscadores afectados en 3.000 pts., debendo presentala solicitude antes do día 25 de Nadal.

Día 22: Un avión italiano realiza o tercer vó para elaborar un mapa da extensión da marea negra. ADENA inicia unha polémica coa Xefatura Provincial de Medio Ambiente Natural por non ter en activo o centro de recuperación montado en Gandario por ADENA.

Día 23: Publícase no DOG axudas de 90.000 pts. por mes ós mariñeiros afectados pola paralización da flota.

Día 25: Profesores do Instituto coruñés de Monte Alto aseguran que varios alumnos sufriron afeccións respiratorias polo fume do "Aegean Sea".

Día 26: Mariscadores ferroláns ocupan o peirao comercial esixindo o abono inmediato das axudas prometidas e a posta en regra dos seus carnets de mariscadores.

Día 27: Convocados por unha vintena de entidades sociais, maniféstanse 3.000 persoas en Ferrol para esixi-la declaración de Zona Catastrófica.

Día 28: Unha comisión de mariscadores sen carnet solicita que o goberno central interceda diante da Xunta para poder recibir compensacións.

Día 29: Escóménzase o plan de limpeza das 5 praias máis afectadas pola contaminación.

Día 31: A Xunta publica no DOG o levantamento da prohibición de pescar. Namentras os damnificados que viven do mar seguen a reclamar as compensacións anunciadas nas promesas iniciais; primeiro sería antes do 24, despois foi antes do 31... e neste fin de ano aínda se andivo a voltas co "Urquiola".

## BREVE RECORDATORIO DOUTRAS "MANCHAS"

4-V-1970 Frente ás Illas Cies o "Polycommander" verte 50.000 toneladas de petróleo.

31-X-1970 Derranca o "Erkowitz" no interior da badía da Coruña transportando pesticidas e produtos químicos.

12-V-1976 O "Urquiola" toca fondo na canle do porto da Coruña e verte 40.000 toneladas de petróleo, incendiándose. Morre o capitán.

31-XII-1978 "Andros Patria", derrama 50.000 Tm. de petróleo fronte o Cabo Ortegal. 34 mortos.

11-X-1980 O petroleiro "Scaptrade" verte 32.000 toneladas de cru en Ribadeo. 1 morto.

3-III-1986 O petroleiro "Galini" incéndiase sen verter. 3 mortos.

5-XII-1987 "Cason": 2.000 bidóns e contenedores con produtos químicos e material radioactivo, derranca e estoupa cerca de Fisterra. 23 mortos.

-V-1988 O "Mitera Sotiria" derranca en Bens (A Coruña) perdendo combustible. 1 morto da Cruz Bermella.

13-III-1990 Mancha de petróleo duns 240 m2 no porto de Coruña. Orixe descoñecida.

24-IV-1990 O cargueiro "Kingland" tocou fondos perto da Torre de Hércules e deixou unha mancha dunha milla.

16-X-1990 Derrámanse 5 Tm. de petróleo na terminal da Coruña por rotura de manguera nunha descarga.

## CARACTERISTICAS DO BUQUE

Eslora	261 metros.
Manga:	40 metros.
Rexistro Bruto:	53.964 Tm.
Rexistro Neto:	42.690 Tm.
Tipo:	OBO, apto para transporte mixto ou petróleo. Dobre fondo (NON dobre casco).
Tripulantes:	28
Transporte concreto:	79.341 Tm. de petróleo.
Nº tanques:	9
Propietario:	Dorphen Shipping (Suiza).
Armador:	Aegean Sea Traders Corp. (Grecia).
Construcción:	Hirosima, 1973.
Valor estimado do buque:	16.000 millóns de pesetas.

# delegaciónsdelegaciónsdelegacións

## SANTIAGO

**Anelamento de limícolas.** Durante os fins de semán do 3 e 4 de outubro e 10 e 11 do mesmo mes, desafiando ó frío reinante e sacándolle hora ó sono, membros da Delegación de Santiago levaron a cabo unhas xornadas de anelamento de limícolas e pasariformes. O seu esforzo e resfriado veuse recompensado pola captura, entre outras, de especies tan interesantes e pouco aneladas como *Tringa nebularia*.

**Tartarugas.** Tras haber recibido unha carta dun socio comunicándonos o achádego de dúas tartarugas nunha leira no lugar de Asados (Rianxo), dous responsables da SGHN desplazáronse raudos e velozes o lugar dos feitos, puidendo comprobar que os dous exemplares de quelonios pertencían a especies *Testudo hermanni* e *Testudo graeca*. Estes exemplares serán enviados ós seus cálidos lugares de orixe: Mallorca e Murcia.


**Cursiño de ornitoloxía.** Do 30 de Novembro o 5 de Nadal celebrouse, non sin antes superar múltiples e variados obstáculos, o VII Cursiño de Ornitoloxía, que no seu ecuador estivo "ennegrecido" co desgraciado accidente do petroleiro "Aegean Sea". A excursión prevista en principio ás Marismas do Grove cambiouse, por acordo dunha ampla maioría dos asistentes, ás zonas afectadas pola marea negra.

**Inspeccións de praias.** Os días 5, 6, 7 e 12 de Nadal varios consocios recorreron as praias comprendidas entre Ber e Baldaio na busca de aves afectadas polo petróleo. As labouras de inspección de praias levaranse a cabo por tempo indefinido.

**Charla en Rois.** O día 8 de Nadal Juan Trigo e Agustín Alcalde impartiron sendas charlas amenas (habería que preguntarlle os asistentes) sobre "Moluscos de Galicia" e "Os efectos das mareas negras". Unha vez rematadas as charlas os conferenciantes foron agasallados con toda clase de atencións entre as que non faltaron sabrosas viandas e caldos do país.

## ENTREVISTA

O 12-1-93 celebrouse unha entrevista con Carlos del Alamo, Director Xeral de Medio Ambiente da Xunta, para pedir explicacións sobre a política de subvencións da Consellería de Agricultura: de sete solicitudes da SGHN só foron atendidas dúas (ós 11 meses da convocatoria no DOG). A entrevista foi cordial e quedouse en manter un contacto regular sobre o asunto de Sobrado.



## OURENSE

**Ponte Vella.** Presentáronse alegacións ó proxecto de consolidación da Ponte Vella en Ourense á par que se ofrecían solucións técnicas.

Esta obra provocou finalmente a morte dun alto e indeterminado número de morcegos en hibernación nas oquedades da ponte a pesares de ser especies protexidas e ós escritos enviados a varios estamentos da administración.

**MOPT.** Invitouse ó ministro de Obras Públicas a pasear acompañado pola Sociedade ás áreas de importancia medioambiental que se destruírán coa autovía Benavente-Vigo ó seu paso pola provincia, e así comproba-los efectos na fraga do Cañón do río Lobos (Verín) ou o bosque de A Padela ou Reza-Mugares. No propio estudio de Impacto Ambiental recollíanse estas zonas pero ignorouse, convertindo estes estudos nuns meros trámites burocráticos máis.

**Rios e encoros.** Presentouse RECURSO DE ALZADA contra a resolución dictada pola Dirección Xeral de Industria autorizando a variante da liña aérea de transporte de enerxía eléctrica de FENOSA sobre o encoro de Castrelo de Miño en base a "erro de feito" da Lei de Procedemento administrativo. Esta liña modifícase para favorecer un "complexo turístico-naútico" que ademais está ó marxe da lei.

Recibiuse comunicación da Confederación Hidrográfica do Norte da NON concesión de uso duns caudais dos ríos Valborrás e S. Xil. A Sociedade alegara danos medioambientais en caso contrario.

Neste campo formuláronse alegacións, polo interese medioambiental da zona, á rehabilitación da minicentral "Central de Arnoia" no concello de Arnoia.

**Aeródromo.** Seguímonos a opor ó aeródromo de Trasmirás (Ourense). Este realizouse con irregularidades e non foi paralizado segundo marca a lei. Actualmente está a ser usado por ultralixeiros.

**Excursións.** Previo aviso ós socios realizáronse saídas ó campo con monitores, seguro de responsabilidade civil e ata diploma de asistencia, tanto para socios como para non socios.




## VILAGARCIA.

**Semana de Historia Natural.** Realizouse en Vilagarcía no Nadal do 11 ó 17 a "VI Semán de Historia Natural", este ano co título "Enerxía e Reciclaxe". Nela tratáronse os temas de reciclaxe, preciclaxe e enerxías alternativas, asistindo numeroso público, especialmente colexios, ós que se lles ofreceron charlas-guía. Tivo ampla difusión nos medios de comunicación e estamos a negociar co concello de Vilanova de Arousa para levala alí. Tamén engadir que en Santos fixéronse 2 cursiños sobre medioambiente abertos ó público.

**Parque de Compostela.** Entregouse ó Concello de Vilagarcía un libro para a súa publicación sobre o Parque de Compostela, nel determinase o arborado e proponse actividades para os lectores. En Xaneiro presentaremos un informe para o remodelado e coidado deste parque.

**No Nadal, non corte-la vida.** Tamén en Nadal preparouse a campaña "No Nadal, non corte-la vida" con carteis e escritos a 10 concellos da bisbarra Arousán e do Salnés con recomendacións sobre corta de árbores, acibo e outros.

# o taboleiro




## ANIVERSARIO

En 1993 a Sociedade cumpre o seu 20 cabodano. Preténdese celebrar este evento polo que dende agora vos solicitamos que enviades (prestadas) fotos ou similares de antigas campañas, prensa etc.

## VENDESE BICI DE MONTAÑA.

ORBEA mod. Cervino. Shimano 200GS, EXTRAS: Bolsa de ferramentas, velocímetro, portabidóns de aluminio.  
BO ESTADO 35.000 Pts. (nova costa 58.000).  
Preguntar no (981)581380 por Francisco ou Pedro.



## ESPACIOS PROTEXIDOS

O consocio Agustín Alcalde asistiu en representación da S.G.H.N. a estas Xornadas que se celebraron en Madrid do 27 ó 29 de Novembro, organizado polo MOPT e CODA. A intencionalidade destas Xornadas é divulgar posibilidades e experiencias na xestión de espacios protexidos por entidades conservacionistas.

## EXEMPLO

O Concello de Cuntis (Pontevedra) tomou a iniciativa de pedir que na realización da concentración parcelaria do municipio se reservasen como masas comúns as carballeiras, como medio para conseguirla preservación destes ecosistemas, hoxe tan en regresión. Ben sabido é o negativo papel que significa a concentración parcelaria para a vexetación autóctona galega pola falla de sensibilidade dos propietarios, das autoridades e dos mesmos técnicos. Unha feliz iniciativa esta de Cuntis, a imitar.

## BIBLIOTECA:ULTIMAS ADQUISICIONS

- SCIENTIA MARINA. Vol. 56 n° 2-3  
ARTADI. Boletín da Sociedad Ornitológica Lanius.  
ORSIS. Vol. 7 1992 Dep. de Botánica Univ. Autónoma de Barcelona.  
BOLETIN DEL INST. ALAVES DE LA NATURALEZA (1989-90) Vol. 1  
OTAKA. Boletín del Inst. Alavés de la Naturaleza. Vol.2,92  
PLAN FORESTAL DE GALICIA. SINTESE.Consellería de Agricultura.  
ECONOMIA POLITICA FORESTAL. Consellería de Agricultura.  
MUNILLA, I. "Diagnóstico de las poblaciones faunísticas de interés cinegético de la Prov. de Pontevedra.Deputación de Pontevedra.  
PLANTAS, CARNES Y MINERALES MEDICINALES. Dep. Prov. de Pontevedra.  
LOS RESIDUOS TOXICOS. s.m. Ediciones.  
LAS CATARATAS. s.m. Ediciones.  
LA POLUCION DE LOS MARES. s.m. Edic.  
DE LA CELULA AL HOMBRE. s.m. Ediciones.  
OS CESTEIROIS GALEGOS DE MONDARIZ. Col. Alicerces 1, Museo do Pobo Galego.  
ENREDOS. col. Alicerces 2, Museo do Pobo Galego.  
A PRENSA LOCAL E COMARCAL EN GALICIA.Ed. Lea  
GUIA DAS ESPECIES CAZABLES Xunta de Galicia.  
BIRDS MAGAZINE. Autumn 92  
LE HERON. n° 170  
NATUR. Boletín da North Wales Wildlife Trust  
SNOWDONIA STAR. Revista do parque natural Snowdonia.  
EL CERVUNAL. n°4 ADECAB (Asociación para la defensa de los ecosistemas abulenses.)  
DALMACIO. Boletín do Grupo DALMA (Guadalaxara)  
PANDA. Adena/WWF Ano 10, n° 38 e 39.  
CARRIZAL. Boletín da Asociación Baixo Miño.  
LA JANDA. Bol. Asoc. para Defensa y estudio de la naturaleza.  
MATXINSALTOA.  
LA ECOALTERNATIVA. Facultade de ciencias de Madrid.  
LA CASA VERDA.  
A ILLA. N° 0, Bol. de información e divulgación ambiental  
ANSAR. Bol.da Asoc. Naturalista de Aragón  
ECORAMA. Revista de la Coordinadora Madrifeña de la Naturaleza.  
GREENPEACE. Bol. N° 25  
CODA. Bol. informativo N° 20  
GORELUR. Fondo Navarro para la Protecc. del Medio Natural N° 5  
EDUCACION AMBIENTAL. N° 2, (Nova época)  
PERIPLLO. N° 107  
INFORMACION BIBLIOGRAFICA Publ. incorporadas á base datos. MOPT.  
CATALOGO PUBLICACIONES DA EDITORIAL COLEX. Obras Xurídicas.  
CATALOGO PUBLICACIONES DO GRUPO EDIT. INCAFO.

## ¡FAITE SOCIO!

Para facerte socio da Sociedade Galega de Historia Natural, fotocopia esta ficha, cúbrea, recórtaa e mándaa a:

SGHN, Apdo 330, Santiago.

¡Apoia o noso labor a favor da natureza!

Apelidos: \_\_\_\_\_

Nome: \_\_\_\_\_

Data de nacemento: \_\_\_\_\_

Enderezo: \_\_\_\_\_

Localidade: \_\_\_\_\_

Provincia: \_\_\_\_\_

Dni: \_\_\_\_\_

Teléfono: \_\_\_\_\_

Categoría de socio (indica con cruz):

Plenario cuota anual: 2.500 ptas

Infantil (ata 12 anos) 625 ptas

Xuvenil (ata 18 anos) 1.250 ptas

Estudiante 1875 ptas

Familiar 3.750 ptas

Protector (todaa vida) 125.000 ptas

En tódolos casos, recibirás o boletín

"Paspallás" cada 3 meses.



Domiciliación:

Banco/Caixa: \_\_\_\_\_

Sucursal: \_\_\_\_\_

Nº de conta: \_\_\_\_\_

Sr. Director do Banco/Caixa de Aforros:

prégolle admita os recibos que no sucesivo lle

remita a Sociedade Galega de Historia Natural,

dende a data: \_\_\_\_\_

Sinatura: \_\_\_\_\_

REMITE: SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL,  
APDO 330, SANTIAGO 15780

"...Todos somos un. Paxaros, prantas, animais, minerais, todos somos expresións distintas dunha mesma e esencial enerxía. O noso vieiro, as nosas buscas e soños son a expresión molecular da experiencia da vida de todo ese ser que é o noso planeta. Coidándoo axudarémonos a medrar."

Texto de ALEJANDRO LERNER (escritor arxentino)

# PASPALLÁS

Boletín da Sociedade Galega de Historia Natural

PERIÓDICOS